

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA: TIPIFICACIÓN	
LEVE	GRAVE
Agresión, inxuria ou ofensa contra os demais membros da comunidade educativa.	Agresións físicas ou psíquicas, inxurias ou as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa.	Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais, ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
Actos de indisciplina ao profesorado e persoal de administración e servizos.	Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.
Danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e materiais de centros docentes ou aos bens doutros membros da comunidade educativa.	Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos, e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a subtracción.
Actos inxustificadas que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
Actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou incitación a elas.	As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou incitación a elas.
Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas NOF perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.	Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto 3º do artigo 11 da Lei 14/2011 cando é requirido polo profesorado.
Falta de asistencia inxustificada á clase e faltas reiteradas de puntualidade.	
Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.	
	A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
	As actuacións que constitúan acoso escolar.
	A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
	A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas leves contrarias á convivencia.
	O incumprimento das sancións impostas.

¹ O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.